

ANEXO

Curso/Actividade

Curso: Plan de emerxencia municipal: elaboración e implantación
Lugar: Agasp
Datas: 2 ao 5 de novembro de 2009

DATOS DO SOLICITANTE

NIF	Nome	Apelidos	Data de nacemento

Enderezo particular

Rúa	Provincia	Código postal
Concello		
Teléfono	Fax	Enderezo de correo electrónico

Datos profesionais

Corpo de pertenza	
Grupo de titulación	
Clase	
Ano de ingreso no corpo	

DECLARACIÓN

Declaro que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude.

_____/_____/_____
(Sinatura do/a solicitante)

INFORME DO XEFE DO CADRO DE PERSOAL OU PERSOA RESPONSABLE

Vista a solicitude formulada polo interesado/a, faise constar que non existe inconveniente para a súa asistencia ao curso solicitado

_____/_____/_____
(Sinatura e selo da entidade)

Director xeral
Academia Galega de Seguridade Pública
Avda. da Cultura, s/n, 36680 A Estrada-Pontevedra

INSTITUTO GALEGO DE
PROMOCIÓN ECONÓMICA

Corrección de erros.-Resolución do 30 de xuño de 2009 pola que se lle dá publicidade de ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igaape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igaape ás pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con achatarramento de automóbiles antigos (Plan Remóvete Galicia).

Advertidos erros na referida resolución, publicada no DOG número 130, do 6 de xullo de 2009, procede facer a seguinte corrección:

-Na páxina 11.769, onde di:

«Artigo 4º.-*Contía das axudas.*

4.1. As contías das axudas serán as seguintes:

a) 500 € cando se produza a adquisición dun turismo M1 cuxo custo non alcance os 10.000 €...».

Debe dicir:

«Artigo 4º.-*Contía das axudas.*

4.1. A contía das axudas non excederá do 20% dos custos subvencionables para o caso de pequenas empresas e do 10% para o caso de medianas empresas, sen que en ningún caso se superen:

a) 500 € cando se produza a adquisición dun turismo M1 cuxo custo non alcance os 10.000 €...».

Resolución do 7 de setembro de 2009 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igaape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igaape para a contratación de xestores de exportación.

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igaape) co obxectivo de facilitar a internacionalización da economía galega mediante o incremento e consolidación das empresas galegas nos mercados internacionais vén desenvolvendo un programa de formación de especialistas no comercio internacional a través dun programa de bolsas de prácticas no estranxeiro en organismos dedicados ao comercio exterior.

Posteriormente, e co fin de facilitar ao empresariado galego información sobre persoal con formación orientada á internacionalización empresarial, o Igaape puxo en marcha a bolsa de xestores de exportación -publicada na súa web-, aberta a este tipo de especialistas (tanto aos formados polo Igaape como aos que teñen unha formación similar ou experiencia previa en internacionalización empresarial).

Esta convocatoria ten por obxectivo dar un paso máis para facilitar a incorporación ao sistema produtivo galego de especialistas deste tipo. A convocatoria instrumentarase a través de subvencións á contratación laboral durante o primeiro ano de contrato que realicen os consorcios de exportación con personalidade xurídica propia, asociacións empresariais, consellos reguladores e clusters (con personalidade

xurídica propia e sen ánimo de lucro), ou empresas galegas, para a realización de actividades relacionadas co comercio exterior.

Por todo o anterior o Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 2 de xuño de 2009, aprobou as bases reguladoras das axudas do Igape para a contratación de xestores de exportación.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.-Publicar as bases reguladoras das axudas do Igape para a contratación de xestores de exportación, as cales se anexan a esta resolución.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

Bases reguladoras das axudas do Igape para a contratación de xestores de exportación

Antecedentes.

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) co obxectivo de facilitar a internacionalización da economía galega, mediante o incremento e consolidación das empresas galegas nos mercados internacionais vén desenvolvendo un programa de formación de especialistas en internacionalización empresarial a través dun sistema programa de bolsas de prácticas no estranxeiro en organismos dedicados á promoción exterior.

Posteriormente, e co obxecto de facilitar ao empresario galego información sobre persoal con formación orientada á internacionalización empresarial, o Igape puxo en marcha a bolsa de xestores de exportación -publicada na súa web-, aberta a este tipo de especialistas (tanto aos formados polo Igape como aos que teñen unha formación similar ou experiencia previa en internacionalización empresarial).

Esta convocatoria ten por obxecto dar un paso máis para facilitar a incorporación ao sistema produtivo galego de especialistas deste tipo. A convocatoria instrumentarase a través de subvencións á contratación laboral, durante o primeiro ano de contrato, realizada por empresas, consorcios con personalidade xurídica propia, asociacións empresariais, consellos reguladores e clusters (con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro), todos eles con domicilio social en Galicia, para a realización de actividades relacionadas coa prospección de novos mercados.

A Lei 5/92, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), establece no seu artigo 4 como funcións do Igape, entre outras, a de promover a creación de empresas nos distintos sectores de actividade económica que teñan maior impacto e vantaxes comparativas para o desenvolvemento da economía galega, promover actividades creadoras de emprego e as que empreguen máis racionalmente recursos internos, favorecer a modernización e innovación tecnolóxica e

organizativa das empresas galegas, proporcionar información sobre os mercados e favorecer acordos coas empresas estranxeiras; así como apoiar e promover calquera tipo de actividades que contribúan á mellora do sistema produtivo de Galicia, especialmente as de maior importancia estratéxica.

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Na súa consecuencia, serán subvencionables todos os proxectos que cumpran os requisitos establecidos nestas bases reguladoras, sen necesidade de establecer comparacións entre os proxectos nin unha orde de prelación entre eles, por razón de que tendo en conta a pequena contía das subvencións individuais previstas, non semella que as solicitudes presentadas poidan esgotar os créditos reservados; e tendo en conta, ademais, a oportunidade de que a tramitación dos expedientes sexa rápida e con prazos de solicitude abertos, pola dificultade de planificar as accións subvencionadas e a urxencia de implementación destas, unha vez que xurda a necesidade.

Á vista destes antecedentes, o Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 2 de xuño de 2009, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes, a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape para a contratación de xestores de exportación.

Bases reguladoras das axudas do Igape para a contratación de xestores de exportación

Artigo 1º.-Obxecto.

Estas bases teñen o dobre obxectivo de axudar a incorporar profesionais ao mercado laboral e promover e facilitar ás empresas galegas a prospección e acceso a novos mercados, poñendo, ao seu alcance, axudas para a contratación de profesionais durante o primeiro ano de vixencia do contrato laboral.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

2.1. Poderán ser beneficiarios deste programa de axudas:

a) As empresas, pemes ou non pemes, que teñan o seu domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as empresas con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.

b) Os consorcios con personalidade xurídica propia, asociacións empresariais, consellos reguladores e clusters (con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro) de carácter eminentemente empresarial que representen a un colectivo de empresas galegas, e que estean domiciliados en Galicia.

2.2. Todos os beneficiarios deben presentar ao Igape un proxecto de internacionalización para o que se require contratar un especialista en comercio exterior.

2.3. En todos os casos, os beneficiarios deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguri-

dade Social, e cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, para ser beneficiario da axuda.

Artigo 3º.-*Conceptos subvencionables.*

3.1. Considéranse conceptos subvencionables:

O salario bruto anual da contratación por conta allea -a tempo completo ou parcial- durante o primeiro ano de vixencia do contrato laboral, dun xestor de exportación, que reúna os seguintes requisitos:

a) O xestor debe ser elixido polo beneficiario de entre os integrantes na bolsa de traballo denominada xestores de exportación e publicada polo Igape na súa páxina web www.igape.es (na epígrafe internacionalización). Esta bolsa de xestores de exportación está aberta, indefinidamente, ás novas incorporacións de persoal que reúna os requisitos exixidos. O Igape non se fai responsable da veracidade da información subministrada polos integrantes desta bolsa, tendo o beneficiario a obriga de comprobala, segundo o artigo 8º c) destas bases.

b) O obxecto do contrato laboral é a realización -nun centro de traballo en Galicia ou no estranxeiro- de actividades relacionadas co comercio exterior.

c) O traballador debe ser dado de alta nun grupo 01 ou 02 de cotización á Seguridade Social no caso de contratos de traballo formalizados conforme a lexislación española. O Igape revogará a axuda no caso de que o xestor non se destine ao proxecto de internacionalización indicado na solicitude.

3.2. Exclúense da base subvencionable as indemnizacións, os suplidos, os custos de Seguridade Social e calquera outro á conta da empresa, que serán por conta do solicitante.

3.3. Un mesmo xestor pode ser obxecto de varias contratacións subvencionadas contemporáneas, a tempo parcial, por distintas empresas.

3.4. Serán subvencionables os gastos realizados e pagados conforme o establecido nestas bases dentro do prazo concedido para a execución do proxecto.

3.5. Para os efectos de cumprir todas as condicións que se establezan na resolución de concesión, establécese un período, que se denomina prazo de vixencia. Este período comprende desde a data de solicitude da axuda ata a data límite de execución do proxecto subvencionable establecida na resolución. A partir desta data o beneficiario dispón dun prazo máximo de dous meses para presentar ante o Igape a solicitude de cobramento da subvención concedida e a documentación que se indica no artigo 10º destas bases.

3.6. A contratación pode iniciarse desde a data de solicitude da axuda e ata un prazo máximo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión.

En calquera caso, a finalización dos doce meses de contratación subvencionada non debe ser posterior ao 31 de decembro de 2011.

Só se concederá unha axuda do tipo da descrita nestas bases por solicitante.

Artigo 4º.-*Exclusiones.*

Exclúense das axudas establecidas neste programa:

* A contratación do xestor de exportación realízase polo solicitante, persoa física, co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive.

No caso de que o solicitante sexa unha empresa que revista a forma xurídica de sociedade: a exclusión refírese ao parentesco do xestor a contratar cos cargos de dirección ou membros dos órganos de administración, así como ao parentesco coas persoas físicas con participación no capital da empresa.

No caso de solicitantes consorcios: a exclusión anterior esténdese tanto ao consorcio como aos seus participantes.

No caso de clusters, consellos reguladores e asociacións: a exclusión refírese ao parentesco cos cargos de dirección ou membros dos órganos de administración.

* Son subvencionables as novas contratacións, polo que non son subvencionables os contratos con persoas que tivesen algunha relación laboral co solicitante con carácter previo á presentación da solicitude.

No caso de que o solicitante sexa unha empresa, as exclusións refrenanse ás relacións citadas da persoa que se vai contratar tanto co solicitante como con outras empresas do mesmo grupo empresarial.

Artigo 5º.-*Contía e límites da axuda.*

A contía da axuda para os contratos laborais que se formalicen -a tempo completo ou parcial-, cumprindo os requisitos destas bases, será do 75% do salario bruto anual, cun límite máximo de 15.000 € en Galicia, agás se a contratación é en ou para o estranxeiro; neste caso o límite elévase ata un máximo de 25.000 €. Estes límites máximos de 15.000 e 25.000 son aplicables no caso de contratos a tempo completo. Para contratos a tempo parcial, estes importes máximos reduciranse na mesma proporción que a redución do tempo de traballo.

Artigo 6º.-*Compatibilidade con outras axudas.*

As axudas outorgadas ao abeiro destas bases serán incompatibles con calquera outra axuda concedida para o mesmo concepto subvencionable.

Estas axudas quedarán sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*; para empresas do sector agrícola outorgaranse conforme o Regulamento (CE) nº 1535/2007, do 20 de decembro, e para as empresas do sector pesqueiro ao Regulamento (CE) 875/2007, do 24 de xullo, e non poderán superar os límites cuantitativos e por actividade establecidos polo dito réxime *de minimis*.

Artigo 7º.-*Tramitación.*

De acordo coas características do programa de axuda, o procedemento de concesión tramitarase en concorrencia non competitiva ao abeiro do previsto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O Igape resolverá as solicitudes por estrita orde de entrada do expediente completo, concedendo a axuda a aquelas que cumpran os requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

7.1. Presentación de solicitudes.

7.1.1. Para presentar unha solicitude de axuda, os interesados deberán cubrir previamente un cuestionario descritivo das circunstancias do solicitante e dos datos da persoa que se vai contratar a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>. Este cuestionario incluírá unha declaración relativa ás axudas *de minimis*.

A instrución e resolución do procedemento basearase nas declaracións contidas no citado cuestionario e, no caso de que se conceda a axuda, serán obxecto de acreditación documental nas fases de tramitación en cada caso oportunas e, en calquera caso, previamente a calquera aboamento da axuda.

7.1.2. Co fin de prestar asistencia para cubrir o cuestionario, o Igape pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, cun sistema de cita previa concertada a través do mencionado enderezo da internet ou dos números de teléfono 902 30 09 03 ou 981 54 11 47, ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade. Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente o cuestionario.

Este IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación de axuda citada anteriormente.

7.1.3. As solicitudes de axuda presentaranse mediante a instancia normalizada que se xunta como anexo I, nas cales será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior.

As solicitudes que carezan do IDE ou nas que este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación de axuda) serán devoltas sen tramitación.

7.1.4. A presentación da solicitude polo interesado comportaralle a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados

non puidesen ser obtidos polo órgano xestor poderán serlles requiridos ao interesado.

7.1.5. O interesado presentará a instancia de solicitude co IDE no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgúna das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7.1.6. Así mesmo, os interesados poderán asinar electronicamente o formulario de solicitude co IDE e presentalo no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia. Os solicitantes por esta vía telemática deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido tal e como específica a Orde do 25 de novembro de 2004, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG nº 239, do 10 de decembro de 2004). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre - Real Casa da Moeda serán válidos para efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmente ao longo da tramitación do expediente.

c) Unha vez asinado o formulario de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferidos estes ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 200/2003, do 20 de marzo.

d) No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no cal quedará constancia do feito da presentación, consonte o citado Decreto 200/2003.

e) Os interesados que cumpran os requisitos da alínea b) anterior, tamén poderán empregar a vía telemática para a recepción de notificacións do Igape e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda. Para a recepción de notificacións será preceptivo que o solicitante teña indicado no formulario normalizado a súa preferencia polo emprego da notificación telemática neste procedemento de axudas. Neste caso o solicitante deberá acceder á web do Igape no enlace tramitación telemática, para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor, e a sinatura electrónica dun xustificante de recepción das notificacións (xustificante de recepción telemático). Os efectos destas notificacións serán os establecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño (BOE nº 150, do 23 de xuño).

7.1.7. Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no cuestionario. Para iso utilizarán a aplicación establecida no enderezo da internet citado anteriormente, introducindo os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico en que desexan recibir o xustificante. As modificacións da solicitude inicial, deberán ser presentadas utilizando a aplicación de axuda para xerar un cuestionario modificado, cuxo IDE será de obrigatoria inclusión no escrito de comunicación ao Igape das ditas aclaracións.

7.2. Instrución do procedemento.

7.2.1. A solicitude de axuda será avaliada polos servizos técnicos do Igape en función dos datos relativos ao solicitante e á persoa que se vai contratar declarados no cuestionario, anexo a esta. O Igape poderá pedirlle ao interesado calquera aclaración ou documentación complementaria que considere necesaria para unha adecuada avaliación da solicitude.

7.2.2. Instruído o procedemento e inmediatamente antes de ditar proposta de resolución, poñerase de manifesto aos interesados, para que no prazo de dez días poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións pertinentes. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

7.2.3. Unha vez avaliada a solicitude, a proposta de resolución será elevada ao director xeral do Igape, quen resolverá por delegación do Consello de Dirección.

7.3. Resolución.

7.3.1. O procedemento de concesión resolverase no prazo de quince días desde a data de elevación da proposta de resolución. O procedemento e contido da resolución axustarase ao disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

7.3.2. Na resolución de concesión de axuda, farase constar o importe do concepto subvencionable que hai que xustificar, a contía e porcentaxe da axuda concedida, o prazo máximo para contratar o especialista, o prazo establecido para o cumprimento de todas as condicións da axuda.

Así mesmo, constará a obriga por parte do beneficiario de indicar en todo labor de difusión, publicidade ou análogo da actividade subvencionada, a mención expresa de que a dita actuación foi financiada polo Igape e pola Unión Europea, a través do Fondo Social Europeo.

Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación.

7.3.3. A resolución de concesión seralle notificada ao beneficiario, quen terá un prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para a súa aceptación cubrindo a dilixencia que se anexe.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida.

No caso de que o beneficiario renunciase ás axudas unha vez percibidas, procederase consonte o artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia.

A aceptación por parte do interesado suporá a obriga de cumprir as condicións establecidas na resolución, nas bases reguladoras da axuda e nas demais disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación.

7.3.4. Así mesmo, disporá dun prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación para a acreditación das condicións iniciais de contratación, mediante a presentación da documentación (en orixinal e copia ou copia cotexada) especificada na resolución de concesión, que con carácter xeral será a seguinte, salvo que xa conste presentada no expediente:

- a) CIF do solicitante.
- b) DNI do asinante da solicitude e da dilixencia de aceptación.
- c) Poder de representación inscrito, se é o caso, no rexistro competente do asinante da dilixencia de aceptación.
- d) Escritura ou documento xuridicamente válido de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e modificacións posteriores destes.
- e) Alta censual -ou último recibo do IAE pagado-, do solicitante na actividade subvencionada.
- f) Contrato de traballo formalizado e asinado entre as partes, coa xustificación -en caso de contratacións en Galicia-, do seu rexistro na correspondente oficina de emprego público.
- g) Informe de vida laboral completa do xestor.
- h) Documentación relativa á titulación e ao cumprimento dalgunha das condicións mínimas exixidas ao xestor para formar parte da bolsa de traballo.
- i) Declaración firmada polo traballador contratado de que a retribución bruta anual establecida no contrato é conforme como mínimo -para a modalidade do contrato correspondente- ao establecido no convenio colectivo ou táboa salarial vixente aplicable á data de contratación, e -no caso de contratos suxeitos á lexislación española- de que foi dado de alta na Seguridade Social nos termos establecidos no artigo 3 destas bases. Para o caso de contratos baixo a lexislación estranxeira, declaración de que o contrato se axusta a tal lexislación e á titulación do traballador.
- j) Documentación para acreditar que o capital está participado polo beneficiario, nunha porcentaxe, polo menos do 25%, no caso de que o destino do xestor sexa nunha filial/consorcio no estranxeiro.
- k) Calquera outra documentación necesaria para efectos da liquidación que voluntariamente decida anticipar.

7.3.5. De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non será necesario presentar a documentación que xa se atope en poder do Igape, sempre que se manteña vixente e se identifique o procedemento administrativo para o que foi presentada. No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou no caso de que se constate a non validez desta, o órgano competente poderá requirirle ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

Nos demais casos, se no prazo sinalado non chega a documentación -ou se a chegada non cumpre co establecido nestas bases- requirirase o interesado para que achegue ou emende a documentación exigida nun prazo máximo e improrrogable de dez días, con indicación de que, se non o fixer, se considerará que desistiu da súa petición e procederase ao arquivo do expediente, logo de resolución ditada polo director da Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial.

7.3.6. O prazo máximo para ditar e notificarlles aos interesados a resolución do expediente será de seis meses contados desde a data de presentación da solicitude de axuda no Igape. O citado prazo poderá ser suspendido nos supostos establecidos no artigo 42.5º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Transcorrido o dito prazo sen se ter ditada e notificada resolución expresa, o solicitante poderá ter por desestimada a súa solicitude.

7.4. Recursos.

A resolución do expediente instruído ao abeiro do disposto nestas bases esgotará a vía administrativa. O interesado de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer contra ela recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á recepción da notificación da resolución.

Potestativamente e con anterioridade á interposición do recurso contencioso-administrativo, poderase interpoñer no prazo dun mes desde o día seguinte á recepción da notificación da resolución, recurso de reposición, que resolverá o mesmo órgano que ditou o acto administrativo impugnado.

Artigo 8º.-Obrigas dos beneficiarios.

8.1. Os beneficiarios están obrigados, con carácter xeral, ao disposto no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e, en concreto, a:

a) Formalizar co xestor un contrato de traballo -cuxa duración non poderá ser inferior a doce meses, dentro do prazo que se estableza na respectiva resolución de concesión e mantelo vixente polo menos durante 12 meses ininterrompidos, agás no suposto especificado no artigo 11.2º.

Poderase formalizar o dito contrato laboral desde o mesmo día da presentación da solicitude de axuda ata o prazo máximo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da resolución de concesión.

b) Acreditar ante o Igape a contratación do xestor, presentando toda a documentación xustificativa nos termos establecidos na resolución de concesión e o cumprimento das condicións, se é o caso, impostas.

c) Comprobar que o xestor contratado realmente cumpre os requisitos mínimos exigidos polo Igape e alegados polo xestor para formar parte da bolsa de traballo xestores de exportación.

d) Designar unha persoa para a interlocución e seguimento do programa co Igape.

e) Dedicar o xestor a tarefas de acordo co proxecto de internacionalización e o programa de actividades indicado na solicitude. Para estes efectos, o Igape poderá solicitar en calquera momento ás partes información sobre o cumprimento da finalidade da axuda.

f) Dar de alta o xestor nun grupo de cotización 01/02 no caso de contratos formalizados consonte a lexislación española e aboar a cota empresarial da Seguridade Social. A dita cota será pola súa conta e entenderase non incluída no importe da axuda.

g) A retribución bruta anual do xestor – excluídos os custos de Seguridade Social a cargo da empresa e outros- non poderá ser inferior á cifra resultante de dividir a subvención do Igape entre 0,75. No caso de que o convenio colectivo aplicable en Galicia estableza unha contía superior para a modalidade do contrato laboral correspondente, aplicarase, como mínimo, o disposto no dito convenio colectivo e na táboa salarial vixente na data de contratación, tanto se o centro de traballo radica en Galicia como no estranxeiro, consonte o artigo 3 destas bases.

h) No caso de que o destino sexa no estranxeiro nunha filial ou consorcio, o capital deberá estar participado en polo menos un 25% polo beneficiario, salvo que por imperativo do país de implantación se exixan participacións inferiores e iso resulte suficientemente probado. No caso de que o beneficiario participe nunha porcentaxe inferior ao 100% da sociedade contratante no estranxeiro, a subvención correspondente adaptarase á porcentaxe de participación do beneficiario na dita sociedade.

i) Facilitar a participación do xestor contratado en accións formativas e/ou de titorización que poida promover o Igape, así como en reunións que poida convocar o Igape co obxecto de coñecer de primeira man as suxestións e necesidades do empresariado galego.

j) No caso de contratación a tempo parcial, fixar un horario laboral que sexa compatible ou facilite a súa contratación simultánea por outras empresas.

k) En xeral, cumprir coa normativa laboral vixente en materia de contratos. Os contratos formalizados en fraude de lei suporán a devolución das cantidades aboadas.

l) Acreditar ante o Igape que está ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social por medio da presentación, polo solicitante, das certificacións que se regulan no artigo 10 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

m) Adoptar as medidas de difusión da concesión da axuda que sexan establecidas na resolución, que consistirán na mención expresa no contrato do financiamento do mesmo polo Igape e polo Fondo Social Europeo.

n) Facilitar os labores de inspección e control que o Igape e a Consellería de Facenda, ben directamente a través dos seus órganos, ou ben indirectamente a través das entidades que designen, poidan realizar, así como as que poidan efectuar os órganos competentes da Unión Europea e, en xeral, os encargados do control do Fondo Social Europeo.

ñ) Comunicar ao Igape a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto subvencionable, é dicir, retribución bruta polo período indicado na resolución de concesión de axuda. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, coa solicitude de cobramento da subvención.

o) Conservar a documentación xustificativa da aplicación dos fondos recibidos mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control; isto é, por non ter prescrito o prazo de 4 anos desde o cumprimento de condicións, sen prexuízo dos prazos específicos que se establezan en virtude da normativa da UE no control da aplicación de fondos comunitarios.

p) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos de resolución de incumprimento.

8.2. O incumprimento destas obrigas poderá dar lugar á revogación da concesión e, se é o caso, ao reintegro do indebidamente percibido e aos seus xuros de demora.

Artigo 9º.-*Incidencias e modificacións do proxecto.*

9.1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión ou a súa revogación, no caso de considerarse que a modificación afecta a un aspecto substancial da concesión.

En particular, deberán remitir unha declaración complementaria das axudas recibidas para o mesmo concepto subvencionable no momento en que sexa comunicada calquera concesión e sempre coa presentación da solicitude de cobramento.

9.2. Os beneficiarios quedan obrigados a comunicarlle ao Igape calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución dos fins para o que foron concedidas as ditas axudas.

Así mesmo, calquera modificación substancial realizada no proxecto de internacionalización inicial deberá ser comunicada ao Igape e non provocará a perda da subvención sempre e cando non se altere a finalidade pola que se concedeu a axuda.

9.3. En caso de modificación das condicións aprobadas, o beneficiario da axuda poderá solicitar, motivadamente, a modificación da resolución, sempre que se cumpran os requisitos do artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia. Se a modificación solicitada afecta a datos declarados no cuestionario, deberá cubrir previamente un novo cuestionario descritivo do proxecto na aplicación de axuda na internet, e obter un novo código IDE, que se incluírá na solicitude de modificación.

9.4. O órgano con competencia para resolver o expediente poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprir-se os seguintes requisitos:

a) Que a modificación das condicións aprobadas estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que a modificación non cause prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial non supuxesen a denegación da axuda.

9.5. O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, a súa denegación, será ditado polo órgano concedente, unha vez instruído o correspondente expediente, no cal se dará audiencia aos interesados. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento, nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

Artigo 10º.-*Xustificación.*

10.1. A partir da data de finalización do prazo de vixencia referido no artigo 3.5º, o beneficiario dispoñ dun prazo de dous meses para presentar ante o Igape a solicitude de cobramento da subvención e a seguinte documentación, en orixinal e copia ou copia compulsada:

1. Impreso da solicitude de cobramento e cuestionario telemático de liquidación previsto no apartado 10.2º destas bases. No cuestionario incorpórase unha enquisa de indicadores de realización e resultados, que deberá ser debidamente cuberta.

2. Nóminas correspondentes ao período para o que se solicita o cobramento.

3. Xustificantes de pago dos importes das cotas correspondentes á Seguridade Social a cargo do traballador -obxecto da contratación subvencionable-, correspondentes ao período para o que se solicita o cobramento, sen prexuízo da acreditación de estar ao día nas súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social prevista no artigo 8 letra l) destas bases.

4. Xustificantes dos importes correspondentes ás retencións e ingresos a conta do Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) -do traballador obxecto da contratación subvencionable- correspondentes ao período para o que se solicita o cobramento.

5. No caso de contratación no estranxeiro, xustificantes dos gastos de contratación subvencionables referidos ao período para o que se solicita o cobramento.

6. Xustificación do pagamento do proxecto por algún dos seguintes medios: a) Xustificante de transferencia bancaria ou dos documentos mercantís utilizados como medios de pagamento emitidos e con vencemento dentro do período de vixencia, así como, se é o caso, o seu cargo en conta. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Os extractos bancarios a través da internet deberán ter estampado o selo orixinal da entidade financeira. b) Certificación bancaria orixinal conforme o pagamento ten sido realizado efectivamente dentro do período de vixencia. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. c) Informe de auditoría independente, segundo o establecido no artigo 7.7º do capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape publicadas mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009 (DOG nº 31, do 13 de febreiro).

7. Declaración asinada polo traballador obxecto da contratación subvencionada, de que a retribución percibida no período para o que se solicita o cobramento é conforme o establecido no contrato, e -como mínimo- o establecido no convenio colectivo ou táboa salarial vixente aplicables á data de contratación.

8. Informe da vida laboral completa do xestor que inclúa o período para o que se solicita o cobramento.

9. Informe de execución e resultados do proxecto subvencionado, con inclusión das actividades realizadas polo xestor.

10. Declaración asinada polo traballador obxecto da contratación subvencionada, de que foi asignado á realización de tarefas de acordo co proxecto de internacionalización e o programa de actividades indicado na solicitude.

11. Certificación bancaria da existencia e número de conta do beneficiario na cal vaia ser ingresada a subvención.

12. Calquera outra documentación que o Igape coide necesaria para a correcta análise da solicitude de cobramento.

En todos os casos, os beneficiarios deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, e cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e no seu regulamento, para ser beneficiario da axuda.

Advrtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expen-

diente de incumprimento que, se é o caso, poderá supor a modificación ou revogación da concesión e o reintegro das cantidades previamente aboadas.

10.2. Para presentar a solicitude de cobramento, o beneficiario deberá cubrir previamente o cuestionario de liquidación a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>. Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) que identificará univocamente o cuestionario de liquidación. Este IDEL estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación de axuda citada anteriormente.

A solicitude de cobramento presentárase mediante a instancia normalizada que se xunta como anexo II, no cal será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDEL obtido no paso anterior. As solicitudes de cobramento que carezan do IDEL ou nas que este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación de axuda) poderán dar lugar ao inicio do expediente de incumprimento no caso de non seren corrixidas.

O beneficiario presentará a solicitude de cobramento co IDEL no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, poderá asinar electronicamente o formulario de solicitude de cobramento co IDEL e presentalo no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, sempre que cumpra os requisitos previstos no anterior artigo 7.1.6, e que a documentación que acompañe a solicitude de cobramento sexa apta para a súa presentación telemática. Neste último caso, a aplicación de xeración de cuestionarios de liquidación permitirá xuntar estes documentos e remitilos electronicamente.

10.3. No caso de que a solicitude de cobramento non se presentase en prazo ou a xustificación fose incorrecta, requirirase ao beneficiario para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2º do seu regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

A xustificación cumprirá, en todo caso, os requisitos establecidos nos artigos 28 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-*Aboamento das axudas.*

11.1. Con carácter xeral, o aboamento das axudas realizarase unha vez que o Igape considere xustificada a realización da contratación e o cumprimento das condicións. Dentro do prazo establecido na resolución de concesión para a xustificación, deberá acreditarse a realización da contratación e o cumprimento das condicións, se é o caso, establecidas na resolución.

O réxime de pagamento deberá cumprir o establecido no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no título IV do seu regulamento.

11.2. O cobramento pode solicitarse como liquidación única da axuda, ou ben poderán solicitarse dúas liquidacións, unha vez finalizados períodos completos de seis meses.

No caso de que se rescinda o contrato sen finalizar algún destes períodos de seis meses, a axuda reducirase proporcionalmente ao período contractual efectivamente realizado. Non se considerarán subvencionables os importes satisfeitos por indemnización ocasionados por rescisión do contrato.

Poderase contratar outra persoa da bolsa de traballo para a finalización do período restante dos 12 meses de contratación subvencionable, nos mesmos termos que a solicitude de contratación inicial, logo de comunicar este feito ao Igape, e tendo en conta que o período máximo subvencionable da contratación é ata o 31 de decembro de 2011.

Artigo 12º.-*Incumprimento.*

12.1. Non se poderá exixir o pagamento da axuda concedida e procederá a súa revogación e, se é o caso, o reintegro total ou parcial da contía percibida e os xuros de demora producidos desde o seu pagamento, nos casos seguintes:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente segundo os termos contidos nestas bases.

b) Obtención da axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o impedisén.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade, contrato ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da axuda.

d) Incumprimento das condicións impostas aos beneficiarios con motivo da concesión da axuda, así como dos compromisos por estes asumidos, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que deben acadarse os obxectivos, realizar a actividade, realizar a contratación ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda, ou daqueles distintos dos anteriores cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade ou regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recur-

sos para o mesmo concepto subvencionable procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

e) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión que se impuxesen nos termos que resulten da resolución de concesión.

f) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro desempeñadas pola Administración ou calquera dos seus órganos, así como o incumprimento da obriga de conservación de documentación cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo, a realidade ou regularidade da actividade subvencionada ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto subvencionable, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

g) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

h) A nulidade da resolución de concesión polas causas establecidas no artigo 32 ou ter incorrido nalguna das causas de reintegro do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

12.2. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da axuda supere o custo da contratación ou a porcentaxe máxima de axuda establecida nestas bases ou pola normativa comunitaria. Nestes casos, o beneficiario deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, unindo as cartas de pagamento á correspondente xustificación, consorte o artigo 23 do Regulamento da Lei de subvencións.

12.3. O procedemento de incumprimento iniciárase de oficio o órgano do Igape que ditou a resolución de concesión, ben por iniciativa propia, logo de informe dos servizos do Igape competentes na xestión ou liquidación dos expedientes, ou como consecuencia das actuacións de control da Intervención Xeral, por petición razoada doutros órganos que teñan atribuídas facultades de comprobación na materia ou por denuncia, mediante a comunicación ao beneficiario das presuntas causas determinantes do incumprimento e as súas posibles consecuencias. Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións ou presentar documentos ou outros elementos de xuízo.

12.4. O alcance do incumprimento determinarase en función do grao e entidade da condición incumplida. A concorrencia de distintas causas de incumprimento dará lugar á súa apreciación conxunta.

12.5. O procedemento para declarar o incumprimento e reintegro de cantidades axustarase ao disposto nos capítulos I e II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e título V

do regulamento, sendo competente para a resolución do mesmo o director xeral do Igape. Contra a súa resolución caberá recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela nos dous meses seguintes á súa notificación e potestativamente, recurso de reposición ante o director xeral do Igape no mes seguinte á súa notificación.

As cantidades que se reintegren terán a consideración de ingresos de dereito público e resultará aplicable para o seu cobramento o previsto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

12.6. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, os beneficiarios sométense ao réxime de infraccións e sancións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título VI do seu regulamento.

Artigo 13º.-*Publicación.*

13.1. De conformidade co artigo 6 do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L 371, do 27 de decembro), co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, o Instituto Galego de Promoción Económica publicará as axudas concedidas ao abeiro destas bases no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, www.igape.es, expresando beneficiario, finalidade, contía e aplicación orzamentaria, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios.

13.2. De conformidade cos números 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro destas bases; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

Artigo 14º.-*Control.*

Os beneficiarios das axudas quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que se efectúen por parte do Igape ou polos órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, así como ás que poidan efectuar os órganos

competentes da Unión Europea e, en xeral, os encargados do control do Fondo Social Europeo, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das axudas acollidas a estas bases.

Artigo 15º.-*Interpretación.*

Corresponde ao director xeral do Igape a facultade de ditar as disposicións necesarias para a aplicación das normas de tramitación previstas nestas bases, así como para resolver as dúbidas concretas que se susciten na súa aplicación.

Artigo 16º.-*Dotación orzamentaria.*

A dotación orzamentaria para estas bases ascende ao importe de 1.000.000€ con cargo ás seguintes partidas:

-75.000€ con cargo á partida 01.04-E3/10/01-651700 dos orzamentos do Igape, para o exercicio 2009.

-25.000€ con cargo á partida 01.04-E3/10/01-651800 dos orzamentos do Igape, para o exercicio 2009.

-600.000€ con cargo á partida 01.04-E3/10/01-651700 dos orzamentos do Igape, para o exercicio 2010.

-200.000€ con cargo á partida 01.04-E3/10/01-651800 dos orzamentos do Igape, para o exercicio 2010.

-75.000€ con cargo á partida 01.04-E3/10/01-651700 dos orzamentos do Igape, para o exercicio 2011.

-25.000€ con cargo á partida 01.04-E3/10/01-651800 dos orzamentos do Igape, para o exercicio 2011.

No importe de 1.000.000 € indicado, a contía de 800.000 € está cofinanciada con fondos FSE, nunha porcentaxe máxima do 80%. Os beneficiarios das axudas deberán cumprir as normas de información e publicidade dos fondos contidas no Regulamento 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro (L 371/1 DOUE do 27 de decembro).

Artigo 17º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 15 de setembro de 2010.

Artigo 18º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e no Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.



PROCEDIMIENTO <i>AXUDAS DO IGAPE PARA A CONTRATACIÓN DE XESTORES DE EXPORTACIÓN</i>	CÓDIGO DO PROCEDIMIENTO <i>IG638A</i>	DOCUMENTO <i>SOLICITUDE</i>
---	---	---

DATOS DO/A SOLICITANTE

ENTIDADE				CIF / NIF	
ACTIVIDADE			CORREO ELECTRÓNICO		
NOME E APELIDOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL				DNI	
DOMICILIO POSTAL DA ENTIDADE				PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	

SOLICITUDE PARA

☐ **IG166: AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN DE XESTORES DE EXPORTACIÓN**

Non debe entregar NINGUNHA DOCUMENTACIÓN á parte desta solicitude, e debe indicar a continuación, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico (IDE) obtido da aplicación de axuda para cubrir solicitudes, e o código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS 	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
---	---

O/A solicitante declara ter obtido nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.

☐ Solicito que as notificacións do Igape acerca deste expediente se efectúen por vía telemática (Para utilizar esta opción debe dispoñer de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O Igape enviará un aviso ao enderezo de correo indicado, e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>, logo de identificación mediante certificado).

Os datos recollidos nesta instancia pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante AUTORIZA expresamente ao Igape:

- Para ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas cales o Instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, para incluír nos rexistros creados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes e relativos a estas axudas, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela.

- Para o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da axuda concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas web oficiais do Igape e da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 6 do Regulamento (CE) nº 1828/2006, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L 371, do 27 de decembro), co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xuño, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, que establecen que o Igape publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro destas bases; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos.

- Para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Facenda, e da Seguridade Social, a información a que se refire o artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa comunidade autónoma.

- Para que comprobe os seus datos de carácter persoal e de residencia e para que obteña os documentos xerados pola Administración autonómica necesarios para a tramitación do procedemento por medios telemáticos, de acordo co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

- Para obter directamente por vía telemática das distintas administracións públicas toda a información requirida para a tramitación do seu expediente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Bases reguladoras das axudas do Igape para a contratación de xestores de exportación.</i> <i>Resolución do 7 de setembro de 2009 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para a contratación de xestores de exportación.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME
SINATURA E SELO DO/A SOLICITANTE E/OU REPRESENTANTE LEGAL <i>Lugar e data</i> _____, de de	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA _____/_____/_____ DATA DE EFECTOS _____/_____/_____ DATA DE SAÍDA _____/_____/_____

Presidente do Igape



ANEXO II

SOLICITUDE DE COBRAMENTO
Axudas para a contratación de xestores de exportación

EXPEDIENTE

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

TITULAR		NIF	
ENDEREZO		TELÉFONO	
DATA RESOLUCIÓN	IMPORTES SUBVENCIONABLES APROBADOS (EUROS)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EUROS)	DATA DE REMATE DO PRAZO DE VIXENCIA

Debe indicar, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) obtido da aplicación de axuda para cubrir o cuestionario de liquidación e o seu código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDEL) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN

O/A solicitante declara que obtivo nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante da presente solicitude de cobramento.

Nota: Este IDEL é un código novo, non sendo válido o IDE obtido para a presentación da solicitude de axuda.

Don/Dona con DNI nº ,
actuando en nome e representación da entidade arriba indicada, titular dun expediente de axudas outorgado polas disposicións arriba mencionadas:

EXPÓN:

Que no período comprendido entre o e o incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes aprobados como subvencionables para o proxecto aceptado pola resolución de concesión por un importe de (euros).
Os ditos gastos, cuxa relación se fixo constar no cuestionario electrónico de liquidación ao que se refire esta solicitude, reflíctense fielmente na contabilidade da empresa e, se é o caso, os activos fixos correspondentes aos investimentos incorporáronse ao patrimonio da empresa.

Que para a tramitación desta solicitude de liquidación de subvención e de acordo coas bases reguladoras destas axudas sobre o procedemento de xustificación, liquidación e pagamento, presenta a documentación requirida na resolución da axuda.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á empresa
de acordo coa xustificación achegada, o importe de euros, ingresándose na conta bancaria ao seu nome aberta, segundo a certificación anexa.

_____, de _____ de _____

(Sinatura do representante)

NOTA: A documentación deberase presentar en orixinal ou copia cotexada.